



TITULO GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1. A decisión de titulación tomarase de xeito colexiado.
2. Obterá o título de graduado na ESO o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.
3. O equipo docente tamén poderá decidir a obtención do título sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:
 - a. Que a media aritmética de todas as cualificacións sexa igual ou maior a 5.
 - b. Que a xuízo do equipo docente o alumno/a adquirise as competencias establecidas.
 - c. Que a xuízo do equipo docente o alumno/a alcanzase os obxectivos da etapa.
4. O título de graduado en ESO será único e expedirase sen cualificación.
5. O alumnado recibirá unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
6. O alumnado que , logo da avaliación final de 4º curso, obtivesen en 4º unha media igual ou superior a 9 puntos, poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse a un nº de alumnos/as igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro no cuarto curso.
7. A mención da matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno/a.
8. Os criterios para a concesión de matrícula de honra ao alumnado serán:
 - a. Valorarase en primeiro lugar a media final do 4º curso, que consta no boletín final con dous decimais.
 - b. En caso de empate, valorarase a media de cada avaliación do mesmo curso.

Santiago de Compostela, abril de 2022